



ANTE AS DECLARACIÓNS DO GOBERNO GALEGO SOBRE A XESTIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA GALEGA, AS CINCO XUNTAS DE PERSOAL DA XUNTA DE GALICIA APOIAN O SEGUINTE MANIFESTO:

Ben é sabido que a xestión do persoal na Xunta de Galicia é unha desfeita marcada pola ineficacia, a improvisación e a incoherencia. Isto non é só unha apreciación da inmensa maioría das empregadas e dos empregados públicos e das persoas que as representan, tanto a nivel sindical como a través das xuntas de persoal, senón que ata o principal órgano de fiscalización externa da actividade da Administración da Xunta de Galicia: O Consello de Contas, o pon de manifesto no "**Informe de Fiscalización de Gastos de Persoal da Administración Xeral-Exercicios 2014-2019**". Informe demoledor, cuxa lectura recoméndase, ao que pódese acceder enlace de pé de páxina.

A simple lectura das "**CONCLUSIÓNS**" contidas no dito informe, evidencia as carencias e irregularidades da política de xestión do persoal da Xunta de Galicia. Así, entre outros, nas ditas conclusións dinse cousas que levamos reclamando e criticando dende hai anos, e que se sustancian entre outras en:

2.2. *Non resulta posible determinar con precisión os **efectivos reais** da Adminitración e das entidades instrumentais.*

2.8. *As **ofertas de emprego público carecen** das orientacións e criterios estratéxicos seguidos para esa programación.*

2.10. *Existe unha excesiva **prolongación na duración dos procesos selectivos** de acceso ao emprego público.*

2.13. *Existe un **elevado número de persoal declarado indefinido** non fixo por sentenzas xudiciais (1.462 empregados), cun incremento relevante respecto da mesma data do exercicio anterior (1.060 no 2018).*

2.14. *O sistema de provisión de postos por **concurso non está funcionando** adecuadamente como forma regular de provisión dos postos de funcionarios. "E o mesmo fala do concurso específico"*

2.15. *Na provisión de postos en **comisión de servizos non consta unha motivación** adecuada da designación do candidato seleccionado nin a publicación das adxudicacións das prazas convocadas.*



É evidente que a nefasta xestión, en materia de persoal da Xunta de Galicia, ten como máximos e principais responsables ao seu Presidente: o Sr. Feijoo e ao Sr. Barreiro, director xeral da Función Pública. O Sr. Corgos aínda non tivo seguramente tempo para poder analizar e dixerir tamaña desfeita. Xestión que non so dana directamente ao persoal da Xunta, o que xa de por si é moi grave, senón á cidadanía á que a Administración debe servir, o que aínda é peor.

Pero o Goberno galego no canto de recoñecer esas problemáticas e poñerlle remedio, poñendo á fronte da xestión da Función Pública a alguén coa sensibilidade e coas capacidades suficientes para elo, e proporcionándolle medios persoais e materiais necesarios, actúa coma unha lura. Así, para distraer ao estrado (persoal da Administración e cidadanía en xeral), acode á tinta da prensa, alegando que a culpa téñena os sindicatos e que todo se reduce a que nos procesos selectivos a tardanza achácase a que nas negociacións coas organizacións sindicais sempre se acorda un período de 6 meses entre a convocatoria e o primeiro exame.

Tendo en conta que Función Pública está na actualidade coa realización dos procesos convocados hai 3, 4 ou 5 anos non hai moito que falar da xestión de este órgano.

Podemos tamén matizar que o período de 6 meses non é un período imposto polas organizacións sindicais, é un período de mínimos para garantir que haxa un tempo prudencial entre a convocatoria e o primeiro exame, pero, que para nada xustifica os retrasos de anos que están a acontecer en varias convocatorias.

Haberá que fixarse máis na tan denostada por vostedes Administración central, onde se fan procesos selectivos e concursos anuais, xestionados por comisións de selección profesionais. Pero iso non interesa, aquí séguese a manter unha estrutura do século dezanove con cargos incapaces de cumprir prazos e procesos.

Señor Feijoo, a culpa é súa e de quen fai anos, demasiados anos, xestiona as políticas de persoal da Xunta de Galicia. Como antigo sindicalista, debe saber que as persoas que representan ás traballadoras e traballadores da Xunta de Galicia, a través das diferentes organizacións sindicais, son as primeiras interesadas en que a política de persoal sexa eficiente, xusta e racional, cousa que nestes momentos e dende fai moito tempo, desgraciadamente, non o é.

As Xuntas de Persoal da Xunta de Galicia, lexítimas representantes do persoal funcionario, pulan por que se poña a traballar, deixe de acudir á prensa para distraer ao público, contando as súas mentiras ou medias verdades, e elixa uha persoa para dirixir a función pública galega que sexa quen de facer ben o traballo que ten encomendado, por exemplo:



- Sexa quen de convocar e resolver os concursos de traslados en tempo e forma, tanto de persoal funcionario como laboral. Por poñer un exemplo, hai categorías que levan máis de 8 anos sen concurso ou o concurso específico famoso nunca se convocou, e este ritmo nunca se convocará.
- Regule a convocatoria, organización e xestión dos procesos selectivos para evitar o galimatías que existe hoxe en día, creando unha comisión profesional de procesos selectivos, tal como acontece no Estado
- Aprobe dunha vez un novo decreto de provisión de libres designacións e comisións de servizo, baseado na transparencia, no mérito e na concorrencia xusta.
- Promova a aprobación e estruturación axeitada de todas as relacións de postos de traballo.
- Cumpra cos seus compromisos na Carreira profesional, mantendo e mellorando a mesma, e non como está agora totalmente paralizada.
- Manteña unha cultura do diálogo nas mesas de negociación e non un pulso de "ou o tomas ou o deixas".
- E como corolario que dote á propia Función Pública dos medios persoais, materiais e tecnolóxicos que poidan manter unha xestión de persoal eficaz, racional e moderna.

En Compostela a 15 de Nadal de 2021.

As Xuntas de Persoal da Coruña, Lugo, Pontevedra, Ourense e Servizos Centrais.

Enlace ao Informe do Consello de Contas

https://www.ccontasgalicia.es/sites/consello_de_contas/files/contents/documents/2019/20211110_Informe_1612017_4_Informe_de_fiscalizacion_de_gastos_de_persoal_2014-2019_G.pdf

Enlace ás declaracións do Goberno Galego

<https://praza.gal/politica/a-xunta-culpa-os-sindicatos-da-excesiva-duracion-das-oposicions>